



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE SETEMBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:35 horas do día 30 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 29 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 1a, 1b e 1c)  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 3a e 4a)  
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 2b)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 2a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta da sesión do 21 de setembro de 2016**

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 21 de setembro de 2016 cos votos a favor de D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**b) Acta da sesión do 22 de setembro de 2016**

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 22 de setembro de 2016 cos votos a favor de D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**c) Acta da sesión do 23 de setembro de 2016**

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 23 de setembro de 2016 cos votos a favor de D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:05	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA648-E3C233-C48DC2-AVHH2X-JK3R8P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**d) Acta da sesión do 26 de setembro de 2016**

Retírase para corrección a acta da sesión do 26 de setembro de 2016.

**e) Acta da sesión do 28 de setembro de 2016**

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 28 de setembro de 2016 cos votos a favor de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**2.- Incidencias**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)**

A Mesa de Contratación, á vista do informe emitido polo xefe da Área de Investimentos do 28 de setembro de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. REALTURF SYSTEMS, SL
2. MECANO SPORT, SL
3. MONDO IBERICA, SA

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)**

A Mesa de Contratación, á vista do informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 28 de setembro de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CIVIS GLOBAL, SLU
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
4. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
5. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
6. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
7. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
8. COPCISA, SA
9. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
10. NAROM, SL
11. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:05	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA648-E3C233-C48DC2-AVHH2X-JK3R8P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### 3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) (informe sobre B)

Entrégase na Mesa o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 30 de setembro de 2016, que rectifica o de data 27 de setembro de 2016, sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

### 4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) (informe sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 30 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O presidente da Mesa (Francisco Javier Pardo Espiñeira)

A secretaria (Ángela Fernández López)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:05	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA648-E3C233-C48DC2-AVHH2X-JK3R8P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		